


MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

No cuarto trimestre do ano 2017, as actividades características do turismo en Galicia recolleron 123.129 persoas en activo, un -2,3% menos que no mesmo período do ano 2016. Os ocupados no sector turístico ascenderon a 107.911 persoas, cifra menor á do ano anterior, ao reducirse un -0,9%. A cifra de ocupados no sector turístico galego representa o 4,3% do total de ocupados no sector turístico en toda España. Os desempregados en turismo foron 15.219 persoas, o que significa unha taxa de desemprego sectorial do 12,4%, cun descenso anual de 1,2 puntos respecto ó 13,5% rexistrado no cuarto trimestre de 2016. Hai que ter en conta que a taxa de paro no conxunto da economía galega acadou o 14,7% no cuarto trimestre de 2017, mentres que fora do 16,3% no cuarto trimestre do 2016.

Enquisa de Poboación Activa (EPA) Ramas características do turismo



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia


Seguindo as recomendacións internacionais considéranse nesta explotación da Enquisa de Poboación Activa as actividades características do turismo correspondentes ás seguintes ramas de actividade da CNAE 2009: 55 e 56 Hostalería, 491 Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril, 493 Outro transporte terrestre de pasaxeiros, 501 Transporte marítimo de pasaxeiros, 503 Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores, 511 Transporte aéreo de pasaxeiros, 522 Actividades anexas ao transporte, 791 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos, 771 Aluguer de vehículos de motor, 773 Aluguer de outra maquinaria, equipos e bens tanxibles, 799 Outros servizos de reservas, 900 Actividades de creación, artísticas e espectáculos, 910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, 931 Actividades deportivas, 932 Actividades recreativas e de mantemento. Esta aproximación constitúe unha infraestimación, ao non considerar outras actividades económicas que en parte poden contribuir á actividade turística, e ao mesmo tempo, unha sobreestimación na medida en que as ramas consideradas non desenvolven a súa actividade exclusivamente para o turismo.

MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

Os asalariados en turismo incrementáronse un 5,2% neste cuarto trimestre de 2017 respecto ao mesmo período do ano anterior, e os autónomos reducíronse un -16,2%, deixando a variación anual da ocupación en turismo no -0,9%. No conxunto da economía galega o número de asalariados incrementouse un 1,7% e o número de ocupados incrementouse un 0,6%. Para o conxunto dos servizos, con respecto ó cuarto trimestre de 2016, o número de ocupados incrementouse un 1,0%.

Ocupados no sector turístico de Galicia por trimestres



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

Comparando co terceiro trimestre de 2017 o sector turístico galego reflicte un descenso do número de ocupados do -10,2%, e tamén un incremento do 21,6% no número de parados. No conxunto da economía galega o número de ocupados reduciuse con respecto ao terceiro trimestre un -1,6%, e rexistrouse un incremento do número de parados dun 0,2%, para o mesmo período.


RAMAS DE ACTIVIDADE

Os ocupados en actividades turísticas en Galicia no cuarto trimestre de 2017 representaban o 10,2% dos ocupados da comunidade autónoma. As actividades turísticas por número de ocupados son servizo de comidas e bebidas, que representan o 58,9% do total de ocupados en turismo, outras actividades turísticas (16,8%), transporte de viaxeiros (16,0%) e servizos de aloxamento (8,3%).

MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

Ocupados no sector turístico de Galicia por ramas de actividade



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

Neste trimestre, respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, os ocupados na rama de servizos de aloxamento reducíronse (-18,4%), na rama de servizos de comidas e bebidas incrementáronse (7,6%), no transporte de viaxeiros reducíronse (-2,2%), e en outras actividades turísticas reducíronse (-14,7%).

ASALARIADOS E AUTÓNOMOS


Os asalariados en turismo foron 81.641 persoas, que representan o 75,7% do total de ocupados no sector. Na evolución por ramas de actividade, con respecto ao mesmo período do ano pasado, rexistrouse unha redución do número de asalariados na rama de servizos de aloxamento (-6,9%), un incremento na rama de servizos de comidas e bebidas (21,0%), unha redución na rama de transporte de viaxeiros (-3,4%), e unha redución en outras actividades turísticas (-16,1%).

Das actividades características do turismo consideradas, para a análise dos datos da EPA referidos a Galicia foi preciso agregar os correspondentes a "axencias de viaxes" con "Outras actividades turísticas", dado que o tamaño da mostra non é suficiente para emitir xuízos sobre esa rama de actividade específica.

MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

Ocupados no sector turístico de Galicia segundo situación profesional: Cuarto trimestre de 2017



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia


A taxa de temporalidade do emprego –porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados- no sector turístico galego foi do 34,6% no cuarto trimestre de 2017, inferior ao do mesmo período do ano anterior, sendo a taxa de temporalidade da rama de servizos de comidas e bebidas dun 36,7%. Os asalariados en turismo con contrato indefinido incrementáronse con respecto ao mesmo trimestre do ano pasado un 8,8% e os temporais descenderon un -0,9%. Por ramas turísticas, o número de asalariados con contrato indefinido incrementouse no servizo de comidas e bebidas (29,6%), incrementouse no transporte de viaxeiros (6,2%) e reduciuse noutras actividades turísticas (-16,6%).

A taxa de asalarización, na economía galega (asalariados/ocupados) foi do 79,5%, mentres que a do sector turístico foi menor: 75,7%. Con respecto á totalidade do sector servizos, tamén nas ramas características do turismo rexístrase de xeito xeral unha menor taxa de asalarización. O emprego asalariado neste trimestre prevaleceu en todas as ramas de actividade turística: nos servizos de aloxamento cun 84,8%; nos servizos de comidas e bebidas cun 71,2%; no transporte de viaxeiros cun 84,2% e noutras actividades turísticas cun 78,5%.

MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

Asalariados no sector turístico de Galicia por tipo de contrato: Cuarto trimestre de 2017



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia


COMPARACIÓN CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Con respecto ao mesmo período do ano anterior, neste trimestre produciuse un incremento anual do número de ocupados en turismo en Cataluña (13,9%), Andalucía (7,5%), Comunidade de Madrid (7,4%), no resto de Comunidades Autónomas (3,5%), e Canarias (3,3%), pero un descenso en Illas Baleares (-0,9%), Galicia (-0,9%), e Comunidade Valenciana (-9,3%). No conxunto do estado os datos reflicten un incremento da ocupación en turismo (4,5%).

Os ocupados en turismo representan en Galicia o 10,2% do total de ocupados na comunidade, situándose por debaixo das principais comunidades autónomas turísticas de España: Cataluña (13,8%), Andalucía (13,3%), Comunidade de Madrid (13,1%), e Comunidade Valenciana (12,5%). Nos arquipélagos, o emprego turístico segue a ser clave nas súas economías: en Canarias o 30,3% dos ocupados traballaba en turismo e en Baleares o 25,2%, moi por encima da media do Estado (13,3%) e da galega.


MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO
Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

Porcentaxe de poboación ocupada no sector turístico sobre o total de ocupación de cada CCAA: Cuarto trimestre de 2017



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

Evolución: Ocupados no cuarto trimestre entre os anos 2011 e 2017



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Cuarto trimestre 2017

Fonte	INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia
Colectivo	Persoas de 16 ou máis anos
Unidade de medida	Miles de Persoas/Porcentaxes
Filtro	Ramas características do turismo

2017/4T	Turismo	Servizos	Galicia	Turismo / Servizos	Turismo / Galicia
Activos	123,1	799,3	1.237,9	15,4%	9,9%
Ocupados	107,9	743,5	1.055,8	14,5%	10,2%
Asalariados	81,6	613,4	838,9	13,3%	9,7%
Indefinidos	53,4	450,4	614,2	11,9%	8,7%
Temporais	28,2	163,0	224,6	17,3%	12,6%
Autónomos	26,3	130,2	216,9	20,2%	12,1%
Parados	15,2	55,7	182,1	27,3%	8,3%
Taxa de paro	12,3%	7,0%	14,7%		
Taxa de asalarización	75,6%	82,5%	79,5%		
Taxa de temporalidade	34,6%	26,6%	26,8%		

	Variación	
	Trimestral	Anual
Activos	-7,2%	-2,3%
Ocupados	-10,2%	-0,9%
Asalariados	-9,0%	5,2%
Indefinidos	1,4%	8,8%
Temporais	-23,7%	-0,9%
Autónomos	-14,0%	-16,2%
Parados	21,6%	-10,7%
Taxa de paro	2,9	-1,2
Taxa de asalarización	1,1	4,4
Taxa de temporalidade	-6,7	-2,1

RAMAS	Ocupados	Var. Anual
Servizos de aloxamento	9,0	-18,4%
Servizo de comidas e bebidas	63,6	7,6%
Transporte de viaxeiros	17,3	-2,2%
Outras actividades turísticas	18,1	-14,7%

OCUPADOS	Turismo	Total	Turismo/Total	Var. Anual
España	2.519,3	18.998,4	13,3%	4,5%
Andalucía	396,1	2.971,6	13,3%	7,5%
Balears (Illes)	131,1	520,4	25,2%	-0,9%
Canarias	264,1	871,8	30,3%	3,3%
Cataluña	458,5	3.316,2	13,8%	13,9%
C. Valenciana	254,2	2.035,8	12,5%	-9,3%
Madrid (C. de)	383,9	2.927,0	13,1%	7,4%
Galicia	107,9	1.055,8	10,2%	-0,9%
Resto	523,4	5.299,8	9,9%	3,5%